



CIRCULAR INFORMATIVA DA MESA COORDINADORA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O VOTO POR CORREO

Se algunha persoa electora non vai estar presente o día da votación, pode exercer o seu dereito ao voto enviando este a través do correo postal.

PASOS A SEGUIR:

1.- A persoa interesada tería que presentar unha SOLICITUDE nunha oficina de correos dirixida ao enderezo da mesa coordinadora, en sobre aberto, para ser datada e selada polo persoal funcionario (quedarse cunha copia) identificándose diante do/a funcionario/a de correos co seu DNI.

Ten de prazo **ATA 5 DÍAS ANTES** do día da votación para enviálo ao seguinte enderezo:

Mesa Coordinadora Provincial de Pontevedra
Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Univ.
Edificio Administrativo de Campolongo
Avda. M.^a Victoria Moreno, n.º 43 – 7º - 36003 Pontevedra

2.- A Mesa Coordinadora, unha vez comprobado que a persoa está no censo, enviaralle ao enderezo indicado na solicitude, as papeletas, o sobre da votación e outro sobre de maiores dimensións.

3.- A persoa electora deberá introducir o voto no sobre da votación pechado (o pequeno). Este sobre a súa vez no mais grande, xunto coa fotocopia do DNI e remitirao por correo certificado á **mesa electoral parcial** onde lle corresponda votar.

4.- Os sobres de voto por correo recibidos na mesa electoral parcial serán gardados e custodiados polo/a secretario/a da mesma ata o día 1 de decembro, día da votación. Se o voto se recibe unha vez rematada a votación non se computará e deberá ser destruído.

5.- Se a persoa que optase por emitir o voto por correo está presente o día das eleccións e decidise votar persoalmente terá que manifestalo ante a Mesa correspondente. Esta, despois de emitido o voto, procederá a entregarlle o voto efectuado con anterioridade por correo.

6.- A petición do voto por correo tamén poderá ser efectuada en nome do elector/a por persoa debidamente autorizada, acreditando esta a súa identidade e representación bastante (poder notarial ou equivalente). *R.D. 1846/1994 do 9 de setembro (artigo 19).*